

-MUIÑOS-

Muíño, en termos xerais, é unha máquina composta de rodas nas que o movemento é consecuencia da acción dun axente exterior, cuxo fundamento consiste en dúas pedras redondas, pé de moa que fai de base; enriba da mesma colócase a moa, outra pedra redonda, co mesmo diámetro, ésta xira sobor da outra, dando voltas e máis voltas, coa finalidade de machucar ou esmaga-lo produto. O concepto de muíño é tan antigo que xa aparece nas Sagradas Escrituras, recordemos unha cita do Evanxelio: "..... a los escandalosos es menester arrojarlos al mar con una piedra de molino atada al pescuezo."

Para face-la moenda existiron diferentes modalidades ao longo da historia, dende os muíños de man, a cultura castrexa, aos de tracción animal, xa que a enerxía procedía do esforzo de algúns animais, coma por exemplo o burro, con frecuencia eran homes, lembremos a triste situación dos vasallos que tiraban dunha panca, xirando darredor, para move-la moa; os de enerxía eólica e, por suposto, os de auga, nomeados fariñeiros, que constituen o argumento deste traballo que segue a continuación.

-MUIÑOS DE AUGA-

Muíño é unha máquina que serve para esmagar ou esfarelar moitos produtos, no caso que nos ocupa, falaremos dos muíños de



auga que tanto abundan, espallados por toda Galicia, aproveitando as correntes de auga de ríos e regueiros, incluso arrosos, ou minas feitas, expresamente para acada-la auga necesaria, para acciona-los mecanismos de rotación e transformala en enerxía, que accionaba a roda de pedra ou moa, para

esfarelar o centeo, millo e trigo, coa finalidade de obte-la fariña tan necesaria para a nosa alimentación, maila do gando. O muíño, xeralmente, é unha construción especial, feita expresamente, para dar cabida a tódolos elementos necesarios para a instalación e funcionamento do mesmo. É coñecemento xeral o feito de que os antigos muíños de auga, pola aparición dos eléctricos, quedaron, aparentemente, obsoletos; nembargantes, estean con máis ou menos deterioro, sexan restaurados, seguen sendo muíños que forman parte do patrimonio popular galego

Os aparellos do muíño repousan sobor dunha especie de plataforma que levanta do piso dous ou tres pasos de escaleira..

Dedícolle este traballo aos muíños do concello de Taboada, na provincia de Lugo, onde ocorre, máis ou menos, con relación aos mesmos, iguais circunstancias ca en calquera concello do noso territorio Non se trata dun traballo de carácter científico, máis ben, divulgativo, baseado na etnografía e na etnoloxía. Isto, sen o coñecemento e información da sabiduría do noso pobo, non sería viábel

En Galicia non tódolos muíños de auga de río ou regueiro son iguais:

a).-Muíño albeiro e unha modalidade que só se utiliza para moer-lo trigo.

Reciben ese nome pola calidade da pedra..

b).- Muíño de canle, sen lugar a dúbidas, do máis sinxelo, leva a canle estreita e inclinada, para dirixi-la auga directamente as pas do rodicio.



c).- Muíño comunitario é cando unha comunidade de veciños aportaba os medios económicos necesarios para a construción, logo moían por días, previamente establecidos. Os máis frecuentes son os de familias, por iso se lles coñece co nome de muíños de herdeiros, na nosa bisbarra

tamén se lles coñece co nome, de socios.

d).- Muíño maqueiro era aquél que esixía o pago dun canon, a maquia, medida de capacidade para grans. Ese pago facíase sempre co produto que era obxecto da moenda. As contas facíanse cun maquiote, caixa, xeralmente, de madeira, con frecuencia de latón, usada polos muiñeiros, para a cobranza da moenda. Cada ferrado de gran, un maquiote. Un refrán de tempos pretéritos dicía: "Muíño parado non moe maquia."

A maior parte dos muíños dos nosos ríos e regueiros eran dunha roda, os de dúas eran menos frecuentes.

Recibe o nome de moenda a acción de moer a cantidade que se levaba en cada viaxe. As casas ricas cargaban o produto en carros, pero a maioría, os pobres ían cos sacos nas costas, pero tamén había xente que transportaba o gran maila fariña en cabalos, bestas ou burros.

Os accesos estes lugares eran bastante complexos, camiños estreitos de carro ou corredoiras. Era costume face-los muíños en

terreos moi inclinados, a beira do río ou regueiro, canto máis altura, con máis forza caía a auga, polo tanto máis enerxía.

Coa aparición dos muíños eléctricos, os vellos muíños de auga son vítimas do abandono, aínda que, na actualidade, hai un interese excepcional na restauración dos máis emblemáticos, xa que constituen unha faceta importante da nosa tradición.

Con frecuencia o percorrido para chegar ao muíño era de varios kilómetros, aqueles eran outros tempos, pero que xamáis debemos esquecerlos.

Dos muíños de pago xurdíu a "MUIÑADA", acontecemento que acadou moita popularidade naquela época en que os muíños moían a pleno rendimento, practicamente, noite e día. Consistía nunha xuntanza de persoas maiores, mozos e mozas, creando, coa finalidade de mata-lo tempo, un ambiente extraordinariamente algareiro, entre aquelas catro paredes os visitantes cantaban, bailaban, parrafeaban, contaban contos e....., na pedra requentada, da flor da fariña, facían a bola de pedra, para mata-la fame das horas de espera.

A xustificación destas xuntanzas era que a moenda facíase por turno riguroso e, os donos da mesma desexaban presenciala, para evitar que o muiñeiro cobrara máis do regulamentado. Outra das causas da espera era a falta de auga, entón había que para-lo muíño, ata que se



enchera o tanque, para comezar de novo. Este período de tempo coñecíase co nome de tancada. Esta situación dábase, especialmente, nas estacións de verán e outono.

O verdadeiro problema que afectaba as persoas que ían o muíño, con centeo, trigo ou millo, para moer, era estar presentes, durante a moenda, para evitar que o muiñeiro cobrara máis do establecido nas regras do canon. Ese comportamento consistía en que se metía o maquiote no gran, o sacalo saía alto arriba, según as normas establecidas, coa palma da man estendida, facía de raseiro, iso era a legalidade, a cobranza, co maquiote alto arriba, cobrábase máis da conta. Lembremos a historia do ferrado: Enchíase a medida, alta arriba, pero logo pasábase o rulo, éste facía de raseiro, de xeito que se acadaba unha superficie completamente horizontal.

*Conta contos o muiñeiro,
enzoufado na fariña,*

*é un home algareiro
e rexeita a morriña.*

Por aquilo de "a ocasión fai o ladrón", o amor xogaba un papel importante nas muiñadas. Lembremos a seguinte copla:

*"Unha noite no muíño,
unha noite non é nada,
a semaniña enteira,
ésa si que é muiñada."*

-RESUME DAS PARTES DO MUÍÑO-

RODICIO.-En moitos aparellos hidráulicos, entre eles o muíño de auga, levan unha especie de roda que axustada ao eixe, na parte inferior, no caso que nos ocupa, o aparello leva varias pezas en forma de pas cóncavas que, co chorro da auga do canle xera a forza que fai xira-lo eixe, para move-la pedra superior ou moa.



Na antigüidade o muíño recibía o nome de acea ou aceña, coa diferenza de que a posición do rodicio era vertical, como sabemos, agora a posición é horizontal. É moi posible que parte dos muíños que citamos en tempos pasados foran aceñas, logo, para mellorar o rendimento, trocaram a posición do rodicio.

VIO OU FUSO.- Os nosos muiñeiros dábanlle ese nome o eixe que facía xira-lo rodicio.

COIO (GRILO).- É unha peza redondeada que forma parte dos mecanismos de rotación, nos muíños de auga. Vai incrustado no Sarteo.

ALIVIADOIRO.- Panca para tempera-la cruz de pau do rodicio, para que a moa cargue máis ou menos sobre o pé do muíño.

CEPO. Anaco de madeira que enche o oco do pé de moa.

BORNEIRA.- Unha variedade de pedra negra, moi dura, que se empregaba para labra-la moa.

ANGARELA.- Un aparello semellante a angarela das cociñas de lareira, no caso do muíño, coma un torno que serve para levanta-la pedra ou moa, para picala. Este aparello funcionaba coma unha grúa, cunha dobre finalidade: Saca-la moa e colocala enriba dunha



especie de trípode, de madeira ou de ferro, para labrala coa borneira, ou ben a golpe de piqueta. Unha vez preparada, usando a devandita angarela, colocala no seu lugar.

BUXA.- Unha peza cilíndrica, de madeira ou de ferro que fai de canle, no extremo inferior vai de máis a menos, por onde sae a auga que fai xira-lo rodicio.

CABAZO.- Recibe ese nome unha especie de camastro que se colocaba nun recanto do muíño, cuxa finalidade era durmir ou repousar.

CAL, CALDEIRA, CANLE, CANALETA.- A súa función era a condución da auga que poñía o muíño en funcionamento.

CAPA.- Parte superior da moa, xeralmente de menos grosor ca da parte inferior ou pé de moa. A primeira xiraba sobor da segunda, ésta sempre, fixa.



CANGALLEIRA.- Conducto por onde pasa o gran, dende a moega a moa, por medio da caneta.

CARRACA.- Peza de rodicio que serve para move-la cangalleira.

LOBATO.- Parte superior do eixe do rodicio.



MOXEGA OU MOEGA.- Especie de recipiente que ten a forma de tronco de pirámide cuadrangular invertida. Alberga o gran que se vai moer.

SARTEO.- Cavidade onde se introduce o grilo, sobor do que xira o eixo do rodicio.

TENSADOIRA.- É unha peza que dobra en ángulo, cuxa finalidade é provocar o movemento contínuo da caneta, para forza-la caída do gran da moxega no ollo da moa. Se había desgaste era necesario cravarlle unhas brochas, para que o movemento tivera sempre a mesma intensidade..

ARQUETA.- Caixón co resultante da moenda, a fariña.

PIADOIRA OU APEADOIRO.- Panca de madeira a nivel do rodicio, cunha tapadeira fronte a buxa, de xeito que leva unha prolongación que sobresa no piso, en forma de T ou nunha argola. Tirando cara arriba, abre, cara abaixo, cerra, ou sexa,



comeza a moenda ou remata.



PENEIRA.- Aparello de criba que forma parte do muíño, cuxa finalidade é separa-lo producto da moenda en: Flor da fariña, fariña de primeira, relón e farelo. Móvese sobor do devandito caixón.. Os muíño máis antigos carecían da mesma.

TORNO.- Máquina ou aparello que serve para arrastrar, elevar e cargar, mediante un movemento de rotación, incluso se utiliza para abrir ou cerrar a comporta das presas que levan auga o muíño. No noso concello aínda se conservan varios, coma exemplos cito ó da presa do muíño de Cobas mailo da presa do muíño do Conde de Taboada.

TANGUEDOIRA OU **TARABELA**.-Unha peza de madeira que repousa sobor da roda do muiño fariñeiro e fai move-la cangalleira, para dirixi-lo gran ao ollo da moa, xogando un papel importante da moenda.



TRÍPODE.-Triángulo feito con tres barras de ferro, cun pé, tamém de ferro, en cada vértice, para repousa-la moa. No muiño de Covas son dous soportes de grosa madeira.

O pé de moa leva na parte central e superior un oco por onde pasa o eixe do rodicio, pero queda un espacio baldeiro que se ocupa cun tronco de madeira de salgueiro, cunha fura no centro para o pasa-lo vío, de xeito que quede moi axustado, cando pasa un tempo, debido o desgaste, e necesario axustalo de novo, a forza de meter cuñas, tamén de salgueiro, na mesma madeira. Cada vez que se pica a pedra é conveniente unta-lo eixe do rodicio, aínda que sexa cun torrezno.

A cara inferior da moa, no centro, a maiores da fura que da paso o fuso, eixe da mesma, leva incrustada na pedra, a rella, peza de ferro, cunha fura cuadrada, onde encaixa o eixe do rodicio que, no extremo superior é cuadrado, para que o encaixe sexa perfecto.



- EN QUE CONSISTE A MOENDA?

Chegado o momento o muiñeiro escolle na mesa un saco de labrada que carga nas costas, deseguida sube á plataforma e xa o baldeira na moxega, logo tira da panca da piadoira e poñense en movemento os mecanismos de rotación, deste xeito iníciase a moenda. A moxega, como acabamos de ver, é un recipiente en forma de tronco de pirámide cuadrangular invertido que colga sobor da moa. A continuación o gran pasa a cangalleira, peza rectangular que vai debaixo da moxega, co movemento da mesma, pola acción da carraca, o gran pasa a canaleta, outra peza de madeira que leva despois da cangalleira, que se coloca debaixo, e dirixe o mesmo ao ollo da moa. Neses intres a acción de moer, na que o gran, centeo, millo ou trigo se transforma en fariña, cando se agota o gran, o muiñeiro baixa a devandita panca da piadoira e o muiño queda parado, namentres se recolle o contido do caixón. Nos muiños máis modernos o producto

da moenda pasa a través dunha peneira, separando as partes correspondentes do mesmo. Nos vellos muíños levábase a casa todo revolto, onde as familias posuían as peneiras, entretécidas dun arame fino, xeralmente de dúas a tres gradacións, para separar os elementos do produto da moenda. Dicían as mulleres daqueles tempos, endexamáis esquecidos: "Face-la criba .Nos muíños máis modernos a peneira posuía tres gradacións, para obter, as tres clases, do produto: Flor da fariña, fariña de primeira e relón. O farelo ía directamente a outro caixon. No devandito muíño de Cobas a peneira funcionaba pola acción do rodicio mediante un mecanismo de rotación, visible na foto que se adxunta.

En canto remata a recollida, no saco correspondente, xa o interesado, co traballo feito, pode voltar a casa. A acción de moer, aparentemente, é sinxela; nembargantes, a montaxe é bastante máis complexa e, se todo está en orden, xeralmente, a moenda non ofrece grandes problemas.

Para mellor coñecemento da historia dos vellos muíños de auga que, con frecuencia non é tan sinxela como parece, considero conveniente expoñela nos seguintes apartados:

a).- En primeiro lugar a construción dun edificio ou caseto, para albergar tódo-los elementos, necesariamente, facíase na beira dun río ou regueiro, en solar, canto máis inclinado, mellor, tendo en conta que canto máis alta sexa a caída, hai máis peso e aumenta a cantidade de enerxía e soa máis a fervenza.

b).- Canalización, tomando como exemplo un dos muíños máis emblemáticos do concello de Taboada, muíño de Cobas, de dúas rodas, recentemente restaurado. A auga procede da chapacuña das Pías de Castelo e corre por unha presa en dirección o lugar, do mesmo nome co muíño, logo pasa a dous tanques, xa que o edificio alberga dous muíños. A auga do tanque pasa a unha peza cilíndrica, de madeira ou de ferro que se estreita na punta (buxa), para que actue con máis forza sobre as pas, pezas cóncavas, tamén de madeira ou de ferro, para facer xira-lo rodicio, éste fará xira-la moa. Na intersección da presa coa devandita chapacuña hai unha comporta que abre ou cerra o paso da auga, mediante unha comporta, accionada por un torno..



c).-Tódolos mecanismos de rotación que, en realidade, son os que poñen o muiño en acción. A maiores dos que acabamos de citar no apartado anterior, recordemos o aliviadoiro, esa panca que regula a cruz do pau do rodicio, de tal xeito que, a pedra ou moa temple a carga sobre o pé de moa. Debaixo do rodicio do muiño pasa un traveso de madeira, en sentido horizontal, no extremo esquerdo hai unha entalladura que encaixa nunha barra de ferro, nese punto leva incrustada unha peza de madeira, en sentido vertical, e sobresa varios centímetros do piso, onde leva un traveso en cruz, en forma de trapecio, entre esa peza e o piso introdúcese unha cuña, tamén de madeira, en certos caso leva unha especie de torno- é o caso do muiño de Covas-, cuxa finalidade é temple-la carga do pé de moa. Na parte media do devandito traveso faise un oco, SARTEO, onde se mete o grilo ou coio, no que apoia o eixo do rodicio.

Xeralmente, na instalación dos mecanismos de rotación, era necesario actuar con moita precisión, para conseguila regulación perfecta, até o extremo de que, antigamente, facíase a plomonde o tellado, por exemplo no caso do fuso, eixe da moa, LOBATO, o mesmo ca o eixe do rodicio que, no extremo inferior, apoia no coio, debían coincidir na mesma vertical.



d).- Outros elementos que formaban parte do muiño eran adxacentes o mesmo, por exemplo, un alpendre ou cobertizo para as vacas, bois, cabalos e burros. Incluso había comedoiras, especie de pesebre, para que os animais, que pasaban moito tempo de espera, puideran comer algo.

No interior do muiño había varias mesas onde se colocaban os sacos de labrada, según chegaban, recibía o nome de mesal. Nos grandes muiños debía ser bastante espacioso. No devandito cobertizo os animais quedaban protexidos das inclemencias do tempo.

Maruxiña, Maruxiña,
di o cantar do muiñeiro
que do gran faise fariña
e , da palla, o palleiro.

4º).- Éste outro, xa en terras de San Pedro, propiedade de Alejandro Pérez, funcionaba cunha roda, durante un mes no ano. O produto era de dez reás e, nos derradeiros tempos, foi coñecido coma muiño de Nóvoa. A situación do mesmo campaba preto da "Fonte dos mouros", non lonxe do castro da Moa. Na actualidade está en obras, non de restauración, senon de transformación en adega.



5º).-Ubicado no lugar de Fiunte, propiedade de Francisco Vázquez, cunha roda, moía un mes no ano, e regulábase o produto en dez reás de vellón.

A devandita Fonte dos mouros goza de moita fama pola excelsa calidade da auga que mana dunha penela, ubicada nun lugar inhóspito e sublime o mesmo tempo. Na actualidade está sometida a un proceso de restauración e acondicionamento, por parte dos artífices, Alfredo e Isauro que, fai poucos anos, restauraron a fonte dos telleiros, agora fonte dos reloxeiros. Para máis meritorio están a



sinala-lo camiño, de carro, en case todo o percorrido, pouco menos de tres kilómetros, para que poidan circula-los coches pequenos.

No río de Enviande, por terras da parroquia de Esperante, aínda se conservan catro muiños. Prácticamente moían todo o ano, pero eran dunha roda: Pacios,

Guerra, Conda e Pena.

No regueiro do Torrón, aínda que en estado ruinoso, existen dous muiños: Torrón e Cabanelas.

Na aldea de Morlás, lugar da parroquia de San Mamede da Torre, encontramos dous regueiros, nun deles campaa o muiño do Fente, éste, no regueiro Barxas: logo había o do Curto que moía coa auga da fonte da Carballeira; aínda quedan restos doutro que moía coa auga dunha mina, feita por un mineiro da zona, coñecido co nome de Gay.

Tódolos arrosos que recollen as augas que baixan da Bayuca, San Martín, Millán, Fontao e Morlás sunan caudal a dous regueiros que, a partir do lugar onde se xuntan, forman o tramo de Portarriós e, nesa corrente, encontramos o muiño dos condes de Taboada, recentemente restaurado. É dun pé e moía durante o inverno. No

regueiro que baixa de San Martín hai tamén o muíño de Santa Marta, aínda hoxe se conserva bastante ben. Non moía no verán o só tiña unha roda, aínda se conserva en bo estado. Un dato curioso do mesmo é o pé de moa, acada uns 85 cms. de altura



Muíño do Pazo de San Pedro

Nas devanditas correntes, expostas no apartado anterior, a maiores dos xa citados, aínda se conservan os seguintes: Do Gavieiro; do Vilasión; do Albelo; do Salvador, e do Macán, de

Pacios.

Preto do muíño dos Condes, no río de Portarríos tamén quedan restos de tres máis: Da Lama; do López; Cruceiro da fonte e, ao carón dunha ponte romana que hai na zona, quedan algúns restos doutro máis.

No regato da angueira, aínda na actualidade, quedan pedras do antigo muíño de Fanete.



Muíño do Pazo de San Pedro

É frecuente que os cauces pequenos se lles dea o nome dos lugares por onde pasan, coma por exemplo, o regueiro que nace en Balboa discorre por Sernande, entón os veciños danlle ese nome; logo pasa polo lugar do Toldao e xa é río do Toldao; máis abaixo entra na parroquia de Moreda e cambia de nome, río de Moreda; despois voltará o nome de Toldao, o pasar por outro lugar do mesmo nome; no derradeiro tramo discorre pola parroquia de Castelo, co nome de río de Peago. Este río xa é unha especie de paraíso dos muíños meirandes do noso concello. Este caudal percorre a zona meridional do municipio de Oeste a Este, aínda que xa en terras de Tuiriz torce o curso cara ao Sur, para desembocar no Miño. Non esquezamos que os muíños de dúas moegas localízanse nos cauces de maior caudal.

Esta serie de muíños, comeza con muíños dun pé: Carballo de Saborín, Moure de baixo de Bouzoa, Balboa, do Vázquez, Jaime do Farpelas, Mariñá, Pumares, Amedo, Merlo e o do Mina; logo os de Bemil e Serén, practicamente, xuntos. e xa son de dúas rodas, unha para centeo e trigo, e outra, para o millo. A continuación aparecen outros tres dunha roda: Marta, Gondulfe e Virideiro, éste en proceso de restauración. A medida que vai aumentando o caudal do río os muíños son meirandes, aínda que no verán e outono, na maior

parte deles era necesario face-las nomeadas tancadas, periodo de tempo en que paraba a acción de moer até que enchía o tanque ou chapacuña. Un dos máis emblemáticos é o muiño do Escribano, exemplo de muiño maqueiro, moía día e noite, practicamente, nas catro estacións do ano. Edificio expresamente feito para ser muiño de clase, cunha caída de auga importante, para acadar enerxía suficiente, axilizando a moenda. Un muiño, de semellante categoría, penso que debía ser restaurado, por ser peza clave na tradición dos muiños fariñeiros do noso concello.

No maxal nace o arroio da Rigueira, pasa por Almuíña e, os veciños do lugar danlle o nome de río da Almuíña, logo discorre polo Batán, entón xa se lle coñece co nome de río do Batán e desemboca no río do Toldao, un pouco máis arriba do lugar onde sae a presa que leva auga o muiño do Escribano. Muiños deste cauce: Do Marcial, da Almuíña, do Loureiro, do Lamela e, do Batán.

Preto do anterior, tamén en bo estado de conservación, hai o muiño do Cardelle, con dúas rodas, en tempos pretéritos, con moita actividade. Río abaixo atopamos outros dous, practicamente



Muiño do Vázquez de Bouzoa

pegados, ámbolos dous dunha roda: Un da casa Trigo, e outro, da casa das Ferreiriñas, as dúas, de Moreda.

O propietario da casa do Escribano de Muíñas mandou construír unha minicentral no vello muiño da familia do Trigo; a enerxía era escasa, porque o tanque da auga era pequeno, pero era un xeito de fuxir da miseria do candil e da linterna, e os veciños de lugar tiñan luz eléctrica, aínda que, de pouca potencia, dende ó anoitecer até ás doce da noite. Indubitablemente, naqueles tempos, era un privilexio.

A continuación seguen varios muiños dunha roda: O de Moure Pequeno, muiño da Carolina, segue o nomeado, de Videira, moía coa auga dunha presa que saía da chapacuña do mesmo nome; (viaxando pola estrada de Lugo-Ourense,



Muiño do Vázquez de Bouzoa

a altura da ponte do Toldao, na marxe esquerda, aínda se ve a pequena construción que alberga o muiño, interiormente, en estado ruinoso). Río abaixo, despois da ponte das Pedras, aínda atopamos

outros dous, dun pé: Casa de Perrelas e casa de Ulloa, éste xa moito máis abaixo, en Peago, ámbolos dous propiedade de familias da parroquia de Castelo. Cando xa o río cambia de nome, en vez de Moreda, de Peago, no cauce do mesmo, surxe a chapacuña das Pías de Castelo, un día central eléctrica que abastecía de enerxía, para o alumbrado da vila de Taboada.

Da devandita chapacuña sae unha presa que leva a auga os tanques do muíño de Cobas, da categoría do devandito muíño do Escribano, coa vantaxe de que éste esta restaurado, sendo acreedor dunha traxectoria importante, polo desenrolo dunha enorme actividade, Lembremos que ten dúas rodas! A nivel persoal é o muíño que mellor coñezo. Sendo rapaz fixen moitas viaxes o mesmo, coa labrada nas costas. Lémbrome que o muiñeiro, era un home ponderado, Xosé Ramón do Toxeiro, de Castelo.

De cada semana un día/, levar labrada ao muíño/, gran fariña se volvía/, logo voltar ao camiño/.

Un aparello indispensable, nas cociñas de lareira, era o testo, para face-la bola de millo na pedra requentada da mesma. Lémbrome dun refrán daqueles tempos: "Pan de millo, pan de Xudas, todo se volve faragullas." A devandita bola de millo era naquela época un dos alimentos máis frecuentes, e consistía no seguinte: Enchíase unha taza de bola e leite mazado, -leite que se mazaba na ola a golpe de macico, para separa-la manteiga- Unha vez que se comía o contido da taza, repetíase a mesma operación de novo, cos ingredientes da mesma clase e deixábase en maceración, para a cea, entón recibía o nome de bola co leite enrafada. Un dos produtos obxecto da moenda era o millo. A sementeira faise a primeiros do mes de maio, logo a colleita é xa no outono, ségase a planta cun fouciño, cárgase e lévase a palleira, facendo montón no centro do local, para que os esfoladores se colocaran cómodamente derredor. Xeralmente o traballo da esfolla facíase pola noite, consistía en saca-la folla até que a mazaroca quedara completamente limpa. A xornada, con frecuencia, prolongábase até cerca do día. Para combati-lo tedio de tantas horas creábase un ambiente festivo, entre mozos e mozas, cóntanse contos, parrafease moito, con certa ironía e picaresca e se un mozo atopa unha mazaroca de cor vermello pode bica-las mozas, por te-la consideración de Rei; nembargantes, se unha moza é afortunada, entón elixe mozo, porque ela é a Raiña da noite. Rematada esta xornada as mazarocas pasan os hórreos ou cabazos, até os intres da debulla, ou sexa, a separación do gran do



carolo, logo lévase o muíño. A faiña de millo xogou un papel importante na alimentación do home e do gando, recordemos que segue sendo o compango da comida dos porcos da ceba.

A colleita de centeo e trigo atópanse en Cantares da sega e Un día de malla, en etnografía desta páxina.

Nunha visita que fixemos uns amigos para ver o muíño, recentemente restaurado, recibíunos o actual propietario da construción e propiedade da casa de Covas, don Jesús Boán Méndez que, con inusitada amabilidade, nos informou de tódolos detalles da restauración, peza por peza, sempre con coñecemento de causa.

Na intersección do río de Deilás co de Peago, súmase caudal, seguindo río abaixo encontramos varios muíños, destacando entre eles o coñecido co nome do Bértolo, dos derradeiros en deixar de moer, muíño de moita capacidade de moenda, con dúas moxegas. Logo seguen outros cunha moxega, pero tamén en estado ruinoso: Muíño dos Parceiros; muíño do Dionisio, da casa do Requeté, e muíño da casa Benito.

No río de Enviande, en Mato, atópanse dous muíños: Da casa Subiela e casa Moreiras. Xeralmente nos cauces de pouco caudal, os muíños son dun pé, algúns moían uns meses no ano.

Na parroquia de Xián, nas márxenes do río Bouzón, tamén existen tres muíños, de relevante categoría: Recemondelle, Ferrería, (preto deste, pero xa no concello de Portomarín, hay outro, coñecido co mesmo nome) logo segue ó de Vila Susá.

Un regueiro que pasa polo lugar de Valdaforca, máis outro que pasa por Lamasandrey, ámbolos dous xúntanse, para formar o regueiro do Xamogo. Na marxe dereita do primeiro aínda se conserva o muíño da Fenteira; na marxe esquerda do segundo, ás ruínas do muíño de Lamasandrey. Xa no regueiro do Xamogo contabilízanse ata seis muíños: 1º, Novo, en Rebordondo; 2º, Vello, co pé de moa convexo, por conseguinte, a moa cóncava; 3º, Xamogo; 4º, Bouza Bica, según manifestacións dos veciños era comunitario, e xa tiña peneira; 5º, Casa Loura, en estado ruinoso; 6º, muíño de Carballós que, situado no lugar onde o regueiro do Xamogo desembocaba no río Miño, coma consecuencia da construción do embalse de Belesar, quedou mergullado.

No mapa do noso concello aparece un río, nomeado de Vieitas, pero, para os veciños da parroquia de Xián é o Bouzón; nace entre os lugares do Curro e Sabugueira, sumando caudal no solar da mesma, pasa pola Vila, Rudís, unha casa sola, Recemondelle, Vilar de Cabalos, Santa Eulalia, logo desemboca no Miño, o Sur da Amieira. Pola dereita recibe as augas do regueiro do Torrón, máis abaixo as do río de Portocelos. Era río troiteiro, agora xa non é o mesmo; os veciños da zona falan con moita nostalxia da fama que tiña, pola cantidade de troitas e pola súa excelente calidade. Espallados pola

marxe destas correntes existen, na actualidade, a maiores dos citados anteriormente, varios muíños, unha boa parte, en estado ruinoso, algúns foron anegados polas augas do embalse de Belesar, case todos, comunitarios, ou ben, propiedade de certas casas de labranza, excepto o da Viña (hoxe anegado nas augas do pantano), que era maqueiro e tiña dúas moxegas. Na foto que se adxunta, tomada despois de corenta e oito anos de anegamento, vense as dúas capas ou moas, a angarela e, o fondo, un aparello para levántalas pedras. A continuación fago unha relación dos outros: Muíño Pequeño, dos Castros, do Pedrosa, do Carballo, do Pena, da Pereira, do Emilio de Ribó e Mazo do Montes. No lugar do Outeiro nace un regueiro que desemboca no Miño, preto de Mourulle, durme baixo as augas asasinas, a maiores do devandito muíño da Viña, outro muíño máis, nomeado do Rosario, da casa do Mallariz de Mourulle, o mesmo ocorre co da Pereira, mailo de Ribó.

Polo lugar de San Esteban discorren dous arrosios, xúntanse no lugar coñecido co nome de Pino, logo forman un regueiro qu desemboca no río Ulla. En cada un dos devanditos arrosios localízase un muíño: Da casa Oureás e da casa García.

Curiosidades dos muíños fariñeiros, de auga.-As rodas do muíño non xiran coma as agullas do reloxo, senón o revés. Na maior parte dos casos as caras das pedras son planas; sen embargo, aínda que menos frecuentes, a cara superior do pé de moa é convexa, polo tanto, a cara inferior da moa, e cóncava. Nos muíños meirandes, na superficie inferior da moa, facían regos, a veces, na superficie superior do pé de moa tamén, coa finalidade de dirixi-lo produto da moenda a unha especie de canle que circundaba o pé de moa, que logo soltaba na peneira ou no caixón, mediante unha caneta.

Moitos muíños, especialmente, os de unha roda, por falta de auga, deixaban de moer, por iso o tempo de moenda era moi limitado, pero, en ocasións excepcionais, cando se ubicaban nun llano, se chovía moito a auga invadía o rodicio, e nese caso tampouco podían moer.

Os muíños de pequenas correntes: Regatos, arrosios, fontes e minas, eran dun pé e só moían dun a tres meses no ano.

O gran que caía no ollo da moa facía de almofada entre a moa e pé de moa. Sen gran a pedra rabuñaba na pedra, circunstancia que se debía evitar, para a boa saúde dos muíños. Algúns posuían un mecanismo que os paraba en canto quedaban sen gran.

Unha avería frecuente nos muíños era cando o son do mesmo se alteraba e a moa ó xirar facía: Cloc, cloc, cloc. Iso indicaba que era necesario para-lo muíño e, cunha panca, aliviadoiro, tensa- la moa na cruz de pau. Cando se poñía o muíño en marcha e aquel son desaparecía a devandita avería quedaba subsanada.

Nos muíños de pago era frecuente a lareira, para face-la comida o muiñeiro, e ademais, durante a muiñada, tamén se cocía a bola de pedra. Precisamente este tipo de muíños xustificaban a muiñada.

O elemento máis importante para o bo funcionamento era, sen lugar a dúbidas, a auga, por iso os muíños que se abastecían dunha chapacuña tiñan , practicamente, o problema resolto, sen necesidade de face-las tancadas; sen embargo, cando se esgotaba o contido do tanque, era necesario para-lo muiño, até que enchía outra vez.



Nas longas noites de inverno contábanse anécdotas de muíños relacionadas coas aventuras de meigas, fadas, bandidos, lobos, costureiras, historias amorosas..... Nunha sesión do serán, cando era rapaz, recordo detalles dunha historia de amor, contada polo protagonista, un señor de máis de sesenta anos:

Levei centeo o muiño/ e quedeime de muiñada,/ coma unha bendición,/ alisquei unha rapaza./ Que sorte sería a miña/ se puidera namoralá!/ Tiña medo o fracaso,/

e non lle dicía nada.,/ De pronto, unha sorpresa! / Ela tamén me miraba! / Tomei unha decisión,/ díxenlle: Eres moi guapa! / Xa feridos pola frecha/ seguimos de parrafada./ De pronto chegou seu pai, / viña para axudala,/ coa moenda xa feita/ debían voltar a casa./ Polo baixiño, díxome/ que tamén eu lle gustaba. /Que sensación de vacío/ cando vin que se marchaba! / Seguimos a relación/

e pouco tempo pasara,/ unha noite de Lúa/ confexouse namorada;/ lelos un polo outro,/ comigo quedou casada. / Sempre xuntiños os dous, / felicidade soñada! / Gravouse na miña mente/ o embruxo da mirada, / unha nena tan feitiña, / e, naquela noite meiga,/ atopei a miña fada! /

-CONTO DA LAREIRA-

/=====/

*Recordo tempos da nosa lareira,/ preto do lume quentaba
as canelas,/ tanta fogaxe facía mulas nelas,/ pasaba horas mirando a
fogueira./*

*Falaban todos, era unha feira,/ había filloas, nas brasas,
costelas,/ así quentiñas, un pracer comelas,/ contaban contos,
fume na fumeira./*

*Dicían dun mozo que viña do muiño,/ quedara lelo por unha
morena./ Era amor o mal do parruliño!/
Viña chorando na noite serena,/ deixaba bágoas polo
camiño,/ por unha fada, con aires de nena!/
Contan os veciños de máis idade que, un home da nosa
terra, don Leoncio Cadórniga mandou construír a nomeada
chapacuña das Pías de Santa María de Castelo, coa finalidade de
instalar unha pequena central eléctrica que, durante moitos anos,
aportou luz a nosa vila de Taboada, exactamente, até que FENOSA
construíu o embalse de Belesar. Lémbrome que os apagóns eran
frecuentes, cando se daba esa situación, o noso pobo comentaba, con
certa ironía, que unha anguía se metera na turbina. Naqueles tempos
as anguías abundaban tanto que até se pescaban nas presas dos
prados.*

*En sinal de agradecemento, a tan célebre personaxe, o noso
concello dedicoulle unha rúa, para que o pobo non esqueza xamais o
nome de tan ilustre benefactor.*

*Os muíños fariñeiros que aproveitaban a enerxía da auga dos
ríos, regueiros, arrosos, incluso de minas feitas, expresamente para o
mesmo fin, formaban parte da paisaxe da nosa Galicia profunda. Nas
miñas camiñadas, a beira dos ríos, síntome, lamentablemente
morriñoso, cando contemplo tantos muíños en ruínas, sendo que
xogaron un papel tan importante en tempos de miseria e
marxinación; nembargantes, no intre que atopo un recentemente
restaurado arríscame o corazón e salto de contento, polo feito de
comprobar que aínda quedan homes que loitan pola conservación das
nosas tradicións, sempre un sentimento entrañable.*

*Os galegos e calquera persoa que teña coñecemento do noso
medio rural saben, perfectamente, que camiñando pola beira de ríos,
regueiros e arrosos atópanse cantidade de muíños, con frecuencia
agochados entre amenéiros, castiñeiros, carballos, biduíros,
salgueiros, freixos.....Moitos, tan agochados na maleza. xa case non
se ven.*

*Se facemos unha sintese da alimentación do home, a través
da súa existencia, comezando polo home de Neandertal, no
Paleolítico inferior, mailo home de Cromagnón, no superior, un dos
primeiros problemas que se lle plantexan, coma ser vivo é,*

*Se facemos unha sintese da alimentación do home, a través
da súa existencia, comezando polo home de Neandertal, no
Paleolítico inferior, mailo home de Cromagnón, no superior, un dos
primeiros problemas que se lle plantexan, coma ser vivo é,*

precisamente, a alimentación, pola necesidade de comer para vivir, sen acomodarse nas antípodas, de vivir para comer.

Indubitablemente, os muíños de auga xogaron un papel importante na historia da alimentación dos nosos devanceiros, incluso do gando; agora xa non é que deixaran de moer, senón que se quedaron anticuados e xa un tanto esquecidos, coma consecuencia dos avances tecnolóxicos.

O primeiro síntoma de perda de protagonismo dos muíños de auga foi, precisamente, a aparición dos muíños eléctricos. Poño como exemplo a instalación do primeiro eléctrico do noso concello, Taboada.



Unha empresa, froito dunha sociedade entre tres veciños: Cima da Aldea, Darío Varela e Martín Ferreiro. O solar da mesma estivo na vila. A maiores dun muíño de dúas moegas tamén había un serradeiro.

Pasados uns anos os tres propietarios decidiron vender o muíño, o serradeiro quedaría en propiedade dun dos socios fundadores, Martín Ferreiro, sendo os compradores outros dous veciños: Xosé Ramón Fernández e Daniel Vázquez, formaron a nova sociedade. Como a demanda de moenda ía en aumento, instalaron unha

moxega máis. O cabo de pouco tempo finou Xosé Ramón Fernández, entón Daniel Vázquez mercou a parte do finado, deste xeito quedou coma propietario da empresa. Debido a falta de rentabilidade dos pequenos muíños de auga, aínda se engadía outra moxega máis..

Durante moitos anos o muíño eléctrico funcionou a pleno rendimento, pero debido a un cambio de actividade, unha empresa de autocares, AUTOS VÁZQUEZ, circunstancia que motivou a venda do muíño. O novo propietario será, Antonio García Pardo que, por compra, fíxose cargo de todo, excepto o local.

A enerxía eléctrica, para o funcionamento, procedía da planta que daba luz a nosa vila, cuxa chapacuña se fixera por orde de D.

Leoncio Cadórniga, nun tramo do río de Moreda, coñecido co nome, Pías de Santa María de Castelo, como expuxemos noutro apartado.

No noso concello contabilízanse, aproximadamente, oitenta muíños.

O progreso transforma ou esfachica canto atopa por diante. Se os muíños eléctricos acabaron cos muiños de auga, agora, coas tecnoloxías máis avanzadas, coma a fábrica "AIRA", instalacións modernas moi complexas, deixan os pequenos muíños eléctricos, practicamente, fora do protagonismo que tiveron un tempo.

Coma xustificación obxectiva da desaparición dos antigos muíños fariñeiros expoño una reseña baseada nos datos que Daniel Ferreiro Otero, Director Xeral da Fábrica "AIRA", tivo a xentileza de facilitarme.

A fábrica foi construída no futuro Parque Empresarial de Taboada, nunha parcela de 21.000 metros cadrados, cuxa construción comprende máis de 4.000 metros cadrados. O edificio principal acada unha altura de 53 metros, sobre a superficie, logo leva 10 metros soterrados.

A capacidade de moenda é de un millón de quilos cada 24 horas, traballo feito por dous muíños eléctricos. Na actualidade moe a un ritmo de cinco centos milleiros a seis centos milleiros de quilos cada 24 horas, aínda que hai algúns días que saen até oito centos milleiros de quilos.

Postos de traballo: 25, directos, outros tantos, indirectos; máis 25 ou 30 camioneiros do mesmo número de camiións que están o servizo da empresa, uns traen e outros levan.

Esta fábrica comezou a súa singradura a finais do ano 2008, data na que lle dediquei:

-FÁBRICA "AIRA"-

*iSed bienvenida, "Aira", de Galicia,
vaya sorpresa, qué suerte tuvimos!
Somos felices, con esta primicia,
la buena ocasión que no perdimos,
a Taboada, la mejor noticia.
iTanta fortuna jamás la hubimos!
i Taboadeses, una maravilla,
hay ilusión y renace la Villa!*

NOTA.- Desexo expresar o máis sincero agradecemento a tódalas persoas que me brindaron axuda, de xeito desinteresado e altruista, tanto no aspecto etnográfico coma etnolóxico; así coma a todos cantos me aportaron as interesantes fotos que se adxuntan; sendo consciente de que, con frecuencia, fun bastante pesado nas

miñas enquisas e nas reiteradas solicitudes. Sen esa colaboración este traballo non sería posíbel.

Moitas grazas a todos!

Sócrates Rigueira Ramos.